



PREGO DE CONDICIÓN DA POXA Á ALZA PARA A VENDA DE BENS INMOBLES TITULARIDADE DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

I.- OBXECTO. Constitúe o obxecto deste prego a regulación das condicións que rexerán a poxa á alza para a venda dos inmobles que figuran no anexo II deste prego. Os inmobles véndense como corpo certo, en consideración aos seus lindeiros e non por unidade de medida, e no seu estado actual de conservación, que se poderá comprobar mediante a súa visita, polo que unha vez adxudicados os bens non se admitirán reclamacións sobre o seu estado ou erros na súa descrición.

II.- RÉXIME XURÍDICO. A poxa, así como o contrato de compravenda que se celebre en virtude desta, rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, polo presente prego. En todo o non previsto nel estarase ao disposto na Lei 6/2023, do 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Supletoriamente, pola Lei 33/2003, do 3 de novembro de patrimonio das administracións públicas e polo seu Regulamento, aprobado por Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto. No seu defecto aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo. No que atinxe aos seus efectos e extinción, ademais do establecido no contrato, regularase polo disposto na normativa patrimonial (Lei de patrimonio de Galicia) e polas normas de dereito privado.

A poxa realizarase no ámbito do procedemento establecido no artigo 116 da Lei 6/2023, logo de ter sido declaradas desertas tres poxas públicas realizadas con anterioridade sobre os mesmos inmobles.

III.- PUBLICIDADE. A poxa anunciarase no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal de máxima circulación en Galicia, indicando o día, hora e lugar da súa celebración. Os pregos polos que se rexe a presente poxa figurarán na páxina web do IGAPE <http://www.igape.es>, dende o momento no que o anuncio de licitación se publique no *DOG*.

IV.- INMOBLES OBXECTO DA POXA E TIPO DE LICITACIÓN. Segundo o establecido no ANEXO II.

V - REQUISITOS DAS PERSOAS LICITADORAS.

A.- CAPACIDADE. Poderán tomar parte na poxa tódalas persoas, físicas e xurídicas, que teñan capacidade para contratar e, en particular, para celebrar o contrato de compravenda segundo as normas contidas no Código Civil. Non poderán ser adquirentes as persoas que solicitasen ou estean declaradas en concurso, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas, conforme o Texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Decreto legislativo 1/2020, de 5 de maio, así como as que incorresen nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades. O/a adxudicatario/a comprométese a ter estas condicións como parte integrante da venda e escritura que, como consecuencia, terá que formalizarse no seu día.

B.- GARANTÍA. Para tomar parte na poxa é requisito indispensable consignar como mínimo o 25% do tipo de licitación



Terán validez os depósitos xa constituídos para garantir as ofertas que serven de tipo para esta poxa, presentadas ao abeiro do anuncio do 14 de maio de 2024 (Dog. núm. 93)

Na participación presencial a garantía deberá presentarse en metálico ou cheque bancario a favor do Instituto Galego de Promoción Económica (CIF Q6550010J) o día da poxa, no momento que indique a mesa.

Deberá constituírse unha garantía específica por cada lote no que se queira participar. Aínda que a oferta se realice conxuntamente por dúas ou máis persoas, físicas ou xurídicas, deberá constituírse unha única garantía, a cal responderá de todas as obrigas asumidas por quen realicen a oferta.

Será incautada a garantía daquelas licitadoras que retiren inxustificadamente a súa oferta antes da adxudicación, así como a da persoa adxudicataria que non aboe a cantidade pendente de pagamento ou non concorra ao acto da sinatura da correspondente escritura pública.

VI.- PROCEDEMENTO.

A.- TIPO DE POXA. O procedemento para a adxudicación dos lotes será o de poxa pública presenciais, á alza.

De existir varios lotes, poxaranse de forma individualizada, podéndose optar a cada un deles.

B.- DOCUMENTACION.- Para participar na poxa deberase acudir en persoa ao lugar e no día e hora anunciado, coa seguinte documentación:

1.- A declaración responsable prevista como Anexo I.

2.- Documentación acreditativa da súa personalidade xurídica e capacidade de obrar, orixinal ou compulsada ou autenticada, nos seguintes termos:

2.1- Se se trata dunha persoa física ou dun/dunha empresario/a individual, documento nacional de identidade e o código de identificación fiscal ou documento equivalente

2.2- Se se trata dunha persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no rexistro público correspondente, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial, así como o código de identificación fiscal ou documento equivalente.

2.3.- No suposto de que o/a licitador/a actúe mediante representación, así como no caso de que a oferta sexa realizada por dúas ou máis persoas, documento acreditativo de



quen asume a representación nos termos do artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a cal deberá figurar inscrita no Rexistro Mercantil, para o caso de que o/a licitador/a sexa unha persoa xurídica.

2.4- Se se trata dunha persoa física ou xurídica non española dun Estado pertencente á Comunidade Europea deberá presentar, traducida de forma oficial ao castelán ou ao galego, a seguinte documentación:

2.4.1- Documento de identidade persoal, expedido polas autoridades do seu país, para o caso de que o/a licitador/a fose unha persoa física. Se se tratase dunha persoa xurídica, os seus documentos constitutivos, inscritos nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo.

2.4.2- Poder bastante, para o caso de que o/a licitador/a non actúe en nome propio ou se trate de persoa xurídica.

2.5- Os/as licitadores/as estranxeiros/as de Estados non membros da Comunidade Europea, ademais da documentación esixida no apartado anterior, deberán presentar un certificado expedido pola embaixada ou consulado de España no Estado correspondente, no que se certifique que o licitador ten capacidade de obrar.

3.- O importe da garantía, en metálico ou cheque bancario a favor do IGAPE.

C.- MESA. A mesa de licitación estará presidida pola persoa titular da Xerencia do IGAPE, coa asistencia dun/dunha letrado/a da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, un/unha representante da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, e outro/a empregado/a público/a da Subdirección de RR.HH. e Xestión Administrativa do IGAPE, que actuará como secretario/a.

D.- LUGAR, DÍA E HORA DE CELEBRACIÓN DA POXA. A poxa celebrarase nunha sala do Edificio Administrativo do IGAPE na data e hora que se indique no anuncio indicado na base III deste prego.

E.- DESENVOLVEMENTO DA POXA. O día e hora sinalados a persoa titular da presidencia da mesa declarará aberta a poxa o que se comunicará así ao público asistente e darase unha breve explicación do seu desenvolvemento.

A continuación, as persoas interesadas en participar na poxa deberán acreditar a súa personalidade, a capacidade e de ser o caso, a representación mediante a exhibición dos documentos sinalados no apartado VI.B. deste prego e recibiranse así mesmo as consignacións en metálico ou cheque bancario relativas á garantía esixida. Non se outorgará un prazo para reparar as deficiencias advertidas.

Despois de se cumprir o requisito anterior, abrirase o prazo para a formulación das poxas, admitiranse as posturas que gradualmente vaian mellorando o tipo de saída anunciado no DOG e cumpran co tramo mínimo fixado no prego, ata que se deixen de



facer proposicións e rematará a poxa a favor do licitador ou licitadora que efectuese a mais alta delas para cada un dos lotes ofertados.

De non existir posturas a viva voz declararase mellor rematante á licitadora que presentara a oferta que servira de tipo para a cuarta poxa.

O/a licitador/a dispoñerá de plena liberdade para poxar pola cantidade que considere conveniente, sempre que supoña un incremento mínimo equivalente ao tramo de poxa, respecto á oferta máis alta realizada.

F.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA. Rematada a poxa devolveranse as consignacións de garantía para licitar ás persoas interesadas non adxudicatarias.

G.- ACTA.- Do resultado da poxa realizada redactarase unha acta, que será asinada polos membros da mesa e polo mellor ofertante, se estiver presente. Tamén se identificará a persoa que presentou a segunda oferta mais vantaxosa.

H.- ADXUDICACIÓN. A Dirección xeral do IGAPE acordará a venda ou a súa improcedencia, se considera prexudicial para o interese público a adxudicación nas condicións propostas ou se, por circunstancias sobrevidas considera necesario o ben para o cumprimento de fins públicos, sen que a instrución do expediente, a realización da poxa ou a valoracións das propostas presentadas xeren ningún dereito para quen optou a súa compra.

A adxudicación dos procedementos de venda mediante a poxa pública ou a declaración de deserto publicarase na paxina web do IGAPE.

Se a persoa adxudicataria renuncia á adquisición ou non atende ás obrigas que lle corresponden, perderá a garantía constituída, sen prexuízo da reclamación polas eventuais perdas que se ocasionasen ao patrimonio autonómico. En ambos os supostos, poderá procederse á adxudicación ao segundo mellor ofertante da poxa ou declárala deserta.

De ser o caso, notificada a segunda persoa mellor ofertante, de continuar interesada na adquisición, deberá presentar a garantía exixida neste prego.

VII.- OBRIGAS DOS/DAS ADQUIRENTES. Serán de conta do/da adxudicatario/a os custos dos anuncios, así como os orixinados pola adxudicación e formalización da escritura pública de venda. Os tributos derivados da transmisión serán esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria.

VIII.- PROTECCIÓN DE DATOS. De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos de carácter persoal recollidos serán tratados na súa condición de responsable da Administración autonómica, pola persoa titular da Dirección Xeral do IGAPE, con



endereço no edificio administrativo Igape, San Lázaro, s/n de Santiago de Compostela. Teléfono 900815151. Enderezo electrónico informa@igape.es.

A finalidade do tratamento será a xestión do proceso de venda de bens e dereitos, de conformidade coa Lei 6/2023, do 2 de novembro de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos e, en todo o caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. A lexitimación para o tratamento baséase na obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos serán comunicados a outros órganos da Administración xeral e do sector público autonómico e á notaría onde se formalice a escritura pública de compravenda. Poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos de conformidade coa normativa de aplicación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>. Ademais terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Contacto delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



ANEXO I

Don/dona
Con DNIe domicilio en.....
teléfono..... .. actuando en nome propio ou en representación da sociedade
.....
con CIF

DECLARA

Ter plena capacidade para obrigarse de acordo co establecido polo artigo 1.457 do Código Civil, e que non incorre nas prohibicións recollidas no artigo 1.459 do Código Civil e no prego de condicións que rexe a poxa.

Así mesmo, declara non ter solicitado ou estar declarado en concurso de acredores, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado, conforme O Texto refundido da Lei concursal, aprobado polo Decreto legislativo 1/2020, de 5 de maio, e non incorrer en ningunha situación de incompatibilidade, segundo a normativa específica aplicable.

Por último, declara someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir como consecuencia da poxa, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder.

O licitador autoriza ao IGAPE para consultar ou obter os documentos acreditativos da personalidade (de marcarse esta opción non será necesario presentar unha copia do DNI).

Lugar, data, sinatura



ANEXO II

LOTES PARA A POXA PÚBLICA, DESCRICIÓN DE INMOBLES, IMPORTE GARANTÍA, GASTOS DO ANUNCIO E TRAMOS DA POXA

LOTE 1.- NAVE SITA EN SISÁN (RIBADUMIA)- PONTEVEDRA

Natureza da Finca: nave industrial

Datos rexistrals: finca rexistral nº 8.087 Inscrita no Rexistro da Propiedade de

Cambados: Tomo 1.339, Libro 96, Folio 126, Alta 3. IDUFIR: 36013000343904. Municipio: Ribadumia. Natureza da finca Solo Rústico Común e Solo rústico de especial protección, afectado por Zoa de Fluxo Preferente : Edificio. Cota de participación: 100%.

Referencia Catastral: 36046A001000020000YP D70100100NH10F0001AF

Localización: Rúa Tabueiros, nº 1, Ribadumia. Código postal 36336.

Superficie: 8.692 m².

Superficie construída: 2.077 m²

Lindeiros: Norte, río Umia; Sur, Carretera de Vilagarcía de Arousa a Gondar; Este, Marisol Padín; e Oeste; Camiño ao río.

Descrición: edificio sito no lugar de A Barca ou As Estacas, destiñada a viñado, inculto, peñascal, labradío e edificios integrados estes por unha casa-habitación de planta baixa e piso alto e unha nave de forma rectangular sobre a que se construíron as seguintes edificacións:

- Un edificio destinado a comedor, de planta baixa, de superficie de 150 m²
- Un edificio destinado en parte a fábrica e almacén, de planta baixa, de 1.110 m² a fábrica e 678 m² o almacén, e noutra parte a oficinas, en dous niveis, o baixo de 52 m² e o piso de 87 m²

Poxa mínima:

Tramos da poxa: 1.000€

Importe garantía para licitar:

Prezo do anuncio: (a estimar)

LOTE 2: NAVE INDUSTRIAL SITA EN LALÍN

Natureza da Finca: Nave en Polígono Industrial de Botos (Lalín)

Datos rexistrals: Finca rexistral 36.338, rexistro da Propiedade de Lalín tomo 755, libro 259, folio 3,

Referencia Catastral: 0006506NH7200N0001DJ

Localización: Polígono industrial de Botos, nº 6, Lalín. Código Postal 36519.

Linda: Norte, rúa Polígono y Metaldeza, S.A.; sur, rúa Polígono e Piensos Severino; Este, rúa Polígono; y Oeste, Prefabricados Deza, S.A.-

Superficie terreo: 10.252 m²

Superficie construída: 9.248 m²; - Consistente nunha edificación industrial dividida interiormente en dez naves de uso individualizado, distribuída en tres plantas:

- a) Planta de soto: 841m² de superficie construída.
- b) Planta baixa: 8227,65 m² de superficie construída
- c) Planta alta: 179m² de superficie construída

Poxa mínima:

Tramos da poxa: 1.000€

Importe garantía para licitar:

Prezo do anuncio: (a estimar)



LOTE 3: NAVE INDUSTRIAL SITA EN TOLEDO

Natureza da finca: Urbana. Nave en Polígono industrial de Benquerencia (Toledo).

Datos rexistrals: Finca rexistral 63.098, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 1 de Toledo: Libro 1.233, Tomo 1.741, Folio 118. Superficie do terreo rexistrada 600,53 m2.

Municipio: Toledo.

Referencia Catastral: 1252409VK2115A0001RJ

Localización: Rúa Molino de Viento, nº 18, Polígono Industrial de Benquerencia, Toledo, código postal 45007.

Superficie terreo: 600,53 m2.

Superficie construída: 800,00 m2

Descrición: Nave industrial, en planta baixa e entreplanta.

Poxa mínima:

Tramos da poxa: 1.000€

Importe garantía para licitar:

Prezo do anuncio: (a estimar)